

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN RENACER, PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE INCORPORACIÓN SOCIAL A PACIENTES CON TRASTORNOS ADICTIVOS. PROGRAMA ATENCIÓN XURÍDICO SOCIAL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Asociación RENACER, asinaron o 3/4/20 un convenio de colaboración cuxo obxecto é o desenvolvemento, por parte da Asociación, de programas de incorporación social de trastornos aditivos, sendo a devandita entidade a responsable técnica e administrativa de xestión do programa obxecto deste convenio.

Desenvolveranse programas no ámbito da incorporación social a través do Programa de Atención Xurídico Social (PAXS). O PAXS deberá ser dirixido á atención integral das persoas con trastornos aditivos e problemática legal engadida, prestando axuda técnica a xuíces e fiscais sobre a realidade social e persoal, así como ao persoal asistencial e familias.

Dada a especificidade técnica que requiren os devanditos programas de carácter sociosanitario e incorporación social, así como as actuacións que desenvolve a entidade no relativo á programación, coordinación, execución e avaliación das distintas accións e a prioridade de darlle continuidade aos programas que se desenvolven a través da rede de prevención e incorporación social do Plan de Galicia sobre Drogas obxecto do convenio, non é posible promover concorrência pública, de conformidade co previsto nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio indicado no encabezamento, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo